


NÚMERO 22//SETEMBRO 2023

CHÍO

FIGURACIÓN.SEN TÍTULO



A REVISTA CULTURAL DIXITAL DE LUGO

Obra de José Vázquez Cereijo

José Vázquez Cereijo

Pintor, gravador, poeta e coleccionista, nace en Lugo no 1940 na casa familiar da praza Maior 16, onde tamén viviu o seu tío o poeta Luis V. Pimentel.

Aos dez anos comeza estudos de pintura no Círculo das Artes de Lugo da man de Ricardo Camino. Na adolescencia faino con D. Anxel Xohan e frecuenta as tertulias do hotel Méndez Núñez con Luis Pimentel.

En 1958 trasládase a Santiago a estudar o primeiro curso de Medicina e ao ano seguinte, en Madrid, cursa arquitectura e cinematografía.

A amizade co pintor Tino Grandío inflúe no seu desexo de pintar, tamén apoiado pola familia Kreisler e de modo incondicional polo seu tío Manuel García Pelayo. Ademais, a asistencia á tertulia de Celso Emilio Ferreiro achégalle ao mundo cultural madrileño onde se relaciona con outros pintores, como Juan Esplandiu ou Delhy Tejero.

A comezos dos anos setenta fai as primeiras exposicións individuais nas galerías Cultart, Toisón e Kreisler.

En 1978 formará o grupo ABRA con José Luís de Dios, Luís Eduardo Aute e Domingo Sarrey entre outros, expoñendo en Arco varias veces e con varias galerías.

En 1980 celebra a súa primeira exposición "grande" que ten por marco o Centro Cultural de la Villa de Madrid. Crea a galería de arte Mínima, onde expón a Picasso, Miró, entre outros.

Nos oitenta e noventa, o seu traballo é intenso e voraz culminando en numerosas exposicións por Galicia, España, Holanda, Bélxica, Nova York, China e América.

José Vázquez Cereijo e Anne Nikitik

coñécense en Madrid en 1986, e a relación culmina no seu casamento en 1997. Unión na que comparten unha vida repleta de proxectos, colaboracións, viaxes, e soños compartidos.




Malia o seu "exilio" en Madrid, **José Vázquez Cereijo** regresa con frecuencia ao seu Lugo natal e á casa de Suegos, O Vicedo. En 2013 deixa definitivamente atrás a vida en Madrid e regresa á súa casa da Praza Maior en Lugo onde segue traballando incansablemente. Falece en Lugo o 16 de agosto 2016.



Proxecto VAC-AN. Fundación Vázquez Cereijo- Anne Nikitik.


Desde o seu pasamento, a súa viúva **Anne Nikitik** coa colaboración de **María Astorgano**, levan traballando para defender e divulgar a vida e obra de quen quizais, sexa o artista lucense máis recoñecido a nivel nacional e internacional. Así, logo de sete anos de dedicación a un só reto, Anne Nikitik anuncia a constitución da fundación. De feito, a partir do **9 de setembro 2023, poderase ver unha mostra artística no MIHL**, onde será posible desfrutar dunha pequena parte do legado Vázquez Cereijo e da que seguiremos a dar boa conta en futuros **Chíos**



COLABORACIÓN



PORTADA INTEGRAL



O DE CHIAR



Ando, en certo modo encantada, con que un tipo multimillonario de Pretoria decidise que chíar xa non era o del.

Cando iniciamos esta andaina da revista cultural, unha das principais teimas, foi dar co nome axeitado. Precisabamos dun nome con entidade, de algo que definise, pero ao tempo, fora conciso, curto. Unha rúbrica capaz de ser lembrada e con vocación de perdurar no tempo.

CHÍO catro letras fabulosas.

O día que **Elon Musk** substituíu o paxaro azul por un X, dalgunha maneira, crín reforzada a nosa propia identidade. Non máis vinculacións ca rede social. Non máis "chío" só como sinónimo de *colgar un post*.

De agora en máis, **Chío** coma revista cultural dixital, con valor de seu. Na que chiar, ou sexa: manifestarse, emitir unha voz simbólica ou mesmo, producir sons; cobra novo sentido. Xa que logo, vaia lucidez máis fermosa!

MELINA LÓPEZ

SANTIAGUÍN DAS PEXAGUEIRAS

CONTO

ANTÓN CANDO*

Vivía Santiaguín ca súa irmá Basilisa, nunha casa aló no cabo do pobo, arrodeada por on lau de pexagueiras ê ameixeiras, que polo mes da sèga tiñan sêmpre mui boa frutia.

Buenu, u caso é que seus pais xa morreean è non tiñan máis fillos qu'ês os dois, sendo os seus proxenirores, fillos de solteiras ambos e dous, ou seña, maiorazos tamén os dois.

Viviron da labranza Santiaguín ê súa irmá Basilisa, nunca casaron por non teren têmpo a nada.

Ó xubilarenses venderon as vacas ê, mailas ovellías. Santiguín, ó cobrar deu no vicio d'ir a primeiros de mes a Lugo, digamos de picas pardas, ou o que fora; tardaba un día ou dois en vir pra casa; anque sêmpre lle taguía lamboadas a Basilisa, pastas Reglero ê, unha torta de millo di Guitriz, qu'êra mui dulceira a irmancia. Prô dende había unhos anos, as veces nun parecía en tod'a somana.

Santiaguín cando taba na casa, daba un paseín pola vila ê, parôlaba on pouco ca veciñanza qui atopaba. -Llêl que Santiaguín? Sêmpre respostaba o mêsimo: -acadeando on pouquín o rabín, qui cada un acaneao como pôde-!

A Basilisa era unha muller mui reservada, ê nunca salía da casa; disque dende qui finaron seus pais, que xa ela tería os seus 68 anos; pasaba o têmpo rezando ê facendo a comida. Pasaron tres semanas ê, pola vila, naide vira ó Santiaguín.

CONTO



Foron a casa das Pexagueiras pra, saber dil, ê atopárono môrto na cociña. Pero coma súa irmá non parecía por ningures, avisaron á Garda Civil. Viñeron as outoridades, ê despos de mútio rebuscar, apareceu no baño de salar, cubêrta toda ela cunha grôsa capa de sal; estaba perfeuta,; ê tiña a cariña coma unha rôsa.. -Xa ora, qui tamén a cachôla dos pôrcos tá tal cual, ê non pasan os anos por ela-
 Mirado o informe do forense expônse: a data da môrte da Basilisa non pôde detêrnarse, que podería levar anos, lustros, ou décadas no baño de salgar. Que Santiaguín levavaría 15 días môrto, ê que fora dun paro cardíaco.
 Miraron as senllas outoridades competentes, a conta conxunta dos falecidos, onde tiñan domiciliadas as pensiois, ê non atoparon nin perra chica.

O entêrro tuvo qui dispoñelo ê pagalo o concello.

-----!

Rezaba o cura ó lonxe: -brillen para ellos unas luces perpetuas.

Mamuraba un vecín: -dis qui non tiña un peso forre-. Respôstou outro vecín, este mozo estudado: - pois xa os podian deixar os dois no baño de salar, porque quen se vai facer cargo duha facenda sen herdeiros, tamén ós ricos entêrranos drênto da eirexa ê, naide protêsta por eso tampouco-! Namêntas unha veciña mui falangueira, xa viúva, dicía deste xeito: - A Santiaguín matouno a Viagra-! -Algo sabería lôgo (pensei)-

Ê pur non tar calado eu, dixen: -agora a Seguridade Social a quên lle vai reclamar a débeda da pensioi da Basilisa; hai hô, qui listo foi o Santiguín das Pexagueiras, gastou de vivo o que bën sabía que non devolvería de môrto.

E nestes intres, as campás ripicaron a dar têrra, ficando tod'ô mundo caladín..

Hoxe vinte anos despos, aínda pode verse a lápida no cemintêrio parroquial, onde dos irmaus xacen nu mèsmo nicho, soterrados o mèsmo día, o mèsmo mes, è o mèsmo ano. Santiaguín ós 82 anos, ê Basilisa NON SE SABE A EDÁ. Qui diste xeito tá escribido ll'êsí reza a marmôrea lenda.



Diferente

Paco Martín
Escritor



Que pregunta lle gustaría que lle fixese?

Serías quen de dar unha soa resposta simple á maioría das preguntas aquí propostas?

E cal sería a resposta?

Non

Unha película?

Se cadra as da serie de "O padriño" ou a de "Novecento", polo de epopea que procuran.

Un actor?

Daniel Day-Lewis (como paradigma da tradición británica de grandes actores), pero tamén aquí hai moitas respostas. Mesmo algunha luguesa.

Unha actriz?

Son moitas as que me namoraron, pero citarei a Ingrid Bergman que, ademais de me namorar, foi, para min, unha das actrices mellores.

Unha canción?

Creo que cada tempo ten a música que o define dalgún xeito e eu xa levo moitos "tempos" ó lombo. De calquera maneira sigue a emocionarme "Ne me quitte pas" de Jacques Brel,

Un libro?

Son un lector empedernido e, polo tanto, aquí si que me nego en redondo a escoller.

Un autor?

Tamén aquí me nego en redondo a escoller.

Un articulista?

Non teño coñecementos nin criterio suficientes como para citar a alguén determinado.

Un político?

Tampouco podería ser ecuánime. Teño as miñas preferencias políticas e serían elas as que guiaran as respostas. Aínda que nunca pertencín ó P.C., gardo respectuosa memoria de Julio Anguita, por exemplo

Un tempo?

Ó de perder

Un taco?

Carallo!

Que lle molesta?

Agora xa poucas cousas... Se cadra a mentira mala, a de facer mal a outras persoas.

Alguén ou algo despreziable?

Quen practique a mentira á que me refiro na resposta anterior.

MR. SMITH E A FESTA MURADA



Da expedición científica que Mr. Smith realizou polas rúas e prazas dunha cidade galega, Lugo, no medio, coa xenerosa intención de dar cunha nova vía que servise de atallo no camiño da investigación socioxeográfica e, de presentárselle a ocasión, aproveitar para facer algún descubrimento de carácter etnográfico, zoolóxico ou mesmo botánico, que lle proporcionase a sona precisa para que alguén tivese un fundamento, por cativo que fose, que o levase a realizar algún comentario ao respecto na hora da lectura dos xornais en calquera club londiniense ó que asistisen membros da Royal Geographic Society, ou calquera outra entidade de sona e prestixio parellos.



Paco Martín (Lugo, 1940)

Sempre Mestre. Maestro de escola, exerceu desde 1961 ata o 2000. Durante sete anos foi director do Departamento de Producción de Material Didáctico para a Ensinanza en Galego da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Foi tamén, director do suplemento Axóuxere -Semnario do neno galego- publicado no xornal La Región de Ourense entre os anos 1974-75.

Membro da redacción de "A trabe de ouro" e columnista en El Progreso de Lugo e Diario de Pontevedra. Ten participado en multitude de volúmenes colectivos, conferencias, ponencias en congresos, colaboracións en prensa, radio, TV, pregones, etc. Acadou os premios Santiago de TVE 1987 e "Puro Cora" de periodismo, no 1994.

Autor de sonados títulos da literatura galega, hoxe referimos a súa última obra, neste **Chío**, que ten a honra de telo entre as súas páxinas, ademais contestando a batería de preguntas no D Frente.

SEIS, SON MEDIA DUCIA*

PACO NIETO*

marcela mangabeira - september

Todo un clásico de los setenta (1978), creado por los Earth Wind and Fire especialistas en casi todo; música disco, R&B, funk, jazz, soul, gospel, pop, psicodelia, ritmos africanos, rock and roll...bueno les faltó este toque a bossa nova que le imprime una de las mejores voces femeninas de Brasil, Marcela Mangabeira.

neil diamond- mañana de septiembre

Canción de 1979 de esas que se recuerdan en las penumbras de discoteca, donde la voz de Neil ayudaba a encontrar intimidad entre las parejas. Neil Diamond se inspiró en el Cést en september de Gilbert Becaud para componer su "Mañana de septiembre" en la que nos cuenta y nos canta el reencuentro de viejos amantes en el nostálgico mes de Septiembre.

equipe 84 - 29 settembre

Nos encontramos con un éxito en plan balada de 1967. Composición de todo un clásico, Lucio Battisti, pero que triunfó de la mano del grupo Equipe 84; por su toque psicodélico se la conoce como el "Sargeant Pepper's" de Italia". La canción cuenta la historia de un adulterio de una noche (29 settembre) el rapaz se arrepiente y el día 30, se entrega total a su amor primero.






manolo tena - cuando llegue septiembre

Hace ya siete años que murió Manolo Tena pero su voz tan peculiar y sus excelentes canciones permanecerán en un baúl lleno de recuerdos; Frío, Sangre española o Tocar madera, son sin duda, referencias de una época. Una curiosidad, en sus comienzos actuaba bajo el seudónimo de "Lolilla Cardo" en plan humorístico, claro. Invadido por la tristeza compuso este tema en 2015.

barry white - septiembre cuando te conoci

La voz de trueno de Barry White, también le cantó a septiembre. En los primeros años setenta se hizo un hueco en el mundo musical con un estilo inconfundible y siempre en compañía de su peculiar grupo, "Love Unlimited Orchestra". Barry White fue un icono durante la fiebre de la Música Disco en la década de los setenta. Murió hace 20 años, con 58 a cuestas.



gelu - cuando llegue septiembre

La más genuina de nuestras chicas Ye-yé, quizá eclipsada por la propia industria discográfica. Fue de las primeras en hacer covers de éxitos internacionales; dotada de una voz muy agradable, grabó cerca de medio centenar de disco en tan solo una década, entre 1958 y 1968. Cuando Llegue Septiembre es el título de una película de 1961 protagonizada por Gina Lollobrigida y Rod Hudson en cuya banda sonora, Bobby Darin interpreta el Come September, que nuestra Gelu interpreta así de bien.



CHÍO BAIXO O SOL


ANTONIO GREGORIO MONTES *

No verán os lagartos van máis rápidos. Todo o demais, enlentece. Avanza agosto, pero non avanza a gusto de todos. Días magníficos de praia produto de temperaturas extremas acompañan á seca a diario e nos medios, mentres se prodigan as novas de que as alarmas climáticas están a saltar unha detrás de outra. Visto dende setembro, haberá quen considere un alivio o deixar o tempo máis cálido do ano, sen considerar que ten todos os boletos para repetir o próximo verán, ou, esquecéndose da temperie, quen pense que pasou xa a tempada na que gaña cartos e veñen tempos tranquilos de vacación ou case, ou pola contra, sinxelamente que xa remataron as vacacións. Mesmo hai quen, hoxe, metade de agosto, e aínda pensando en procurar un tempiño para a praia, está negro porque o bo tempo non lle permite vender ó ritmo que quixera na súa tenda, á que non acoden os turistas por pasar os días na area.

COLABORACIÓN



Pode ser deprimente seguir a falar do clima: non deixemos o cambio climático, senón sinxelamente tentemos actuar na nosa medida e disfrutemos mentres do que temos.





47,4 °C ó Sol. Ribadeo, 10 de agosto de 2023, mediodía

Somos humanos e é necesario para a saúde e equilibrio da mente. Entra do menú no meu caso unha arboreda tupida baixo a que desfrutar dunha temperatura agradable. Un bañiño na ría a última hora da tarde para despedir o día. O paso por unha terraza a darlle un pouco á conversa. Interiorizar os xogos de luces e sombras no fondo verde e algún que outro tono amarelo ó longo do día, aínda que soe ser máis doado e aproveitado ás primeiras horas. Escotar o son dos paxaros cun libro nas mans e un caderno á beira. Un pouco -só un pouco- de dulce far niente. Algunha visita a un lugar por primeira vez, mesmo aquí, á beira, descoñecido ata o de agora na súa sinxeleza. En fin, a vida que permiten o que se segue a chamar bo tempo, e un pouquiño de sorte (saúde, posibilidade de vagar, ...).



O castaño ten xa as púas colocadas mentres no seu interior, á súa protección, vai medrando o froito. As amoras? Algunha xa está no seu punto e un pequeno paseo pode facer as delicias do padal. O saír polo campo non se contrapón coa praia, senón que se complementa. O que podemos discutir é sobre a preeminencia dun ou outro lugar. Para gustos hai cores. En Ribadeo, na Mariña, en Galicia, pódese.

Diferente

Mónica Santos

Xornalista-Directora de Onda Cero Lugo



Que pregunta lle gustaría que lle fixese?

Prefiero hacer preguntas a que me las hagan

E cal sería a resposta?

Unha película?

El Padrino

Un actor?

Marlon Brando

Unha actriz?

Katherine Hepburn

Unha canción?

El Sitio de mi recreo de Antonio Vega

Un libro?

1084

Un autor?

Murakami

Un articulista?

Rubén Amon

Un político?

Adolfo Suárez

Un tempo?

Presente

Un taco?

Me parecen todos prescindibles e innecesarios

Que lle molesta?

La falta de coherencia y educación

Alguén ou algo despreziable?

Los mentirosos e hipócritas

PANTASMAS TOMANDO CAFÉ

LA CONDENADA NEUMANDA



As cadeiras brancas asomando nesa balconada de cristal, lémbreme a cerimonia de tomar o té en "Alicia no país das marabillas". Mundos fantásticos insertos no real, ou ao revés.

Antes, era ben habitual crear lendas a partires de certos contos , que se ían transmitindo oralmente e que xogaban ca imaxinación colectiva, para tornear historias capaces de darlle á realidade un chisco de fantasía.

Esa cafetería onde ninguén nunca tomou café, ben podería ser a protagonista encantada dunha historia de espíritus nun Lugo decadente e escuro.


Pantasma que participan, cada noite, no xogo das cadeiras, agardando que alguén veña danzar ca música e *estando nas verzas*, quede sen sitio no que sentar. Fin do xogo, perdiches. Volta a empezar.

Ringleiras de pantasma, no medio dun Lugo neboento, cruzando cara á estación de autobuses milenaria, enchendo o Freire, e volta a empezar.

A BOCADOS

Voltan os **bocados do Chío**, pretendendo ser unha compilación de eventos, por se aínda hai ganas de máis cultura.

Así, lembra que entre o **15 e o 16 de setembro** celébrase na cidade o evento que atrae máis visitantes que o Arde Lucus. Se queres **música**, **Caudal Fest**, co cartel que segue



Como cada setembro, non pode faltar a **Semana de Cine de Lugo**, que terá lugar entre o 18 e o 23 do mes e da que podes consultar toda a info en: www.fonmiña.es



Outra proposta (de balde) é a **exposición fotográfica "A cidade e as xentes. Lugo 1070-1975"**, que permite amosar a evolución da cidade de Lugo. A mostra, con imaxes de **Jesús Vega**, está situada na sala polivalente do Arquivo histórico (xunto á biblioteca provincial) e pode visitarse ata final de ano.

Vaia Vaia é un evento que pretende difundir a escena creativa relacionada co autoedición no eido da ilustración, o grafismo e as artes visuais. Entre o 23 e 24 do mes, contará con charlas, obradoiros, instalacións artísticas, etc.



ACLARADO. PROCESO RÁPIDO

Chío toma as rendas e avanza nunha senda propia como revista cultural dixital de autoedición. Querendo isto dicir que nace, crece e se reproduce grazas á acción divina e a unha vontade férrea por contribuir a realidade cultural de **Lugo**. Máis nada. O que tamén quere dicir que é posible que cando espertes o dinosourio xa non estea alí. (**Monterroso** a ler, sempre).

As **imaxes** publicadas neste número, son coma sempre, obra dos propios artistas, colaboradores, etc. e saen á luz no **Chío**, baixo licencia e permiso dos mesmos/as.

Iso si: o título das obras de **Vázquez Cereijo** que ilustran as páxinas dous e tres, son os que seguen por orde de aparición:

- Autorretrato JVC
- Serie diario mudo. Sandeman
- Naturaleza. La ventana del acuario.
- Vista ciudad de Lugo. Catedral

En relación aos **contidos** deste **Chío**, é preciso aclarar:


- "Santiaguín das pexagueiras" é un relato de **Antón Cando** que se axusta na escrita, a súa franxa lingüística.
- A selección musical "Seis, son media ducia", a cargo de **Paco Nieto**, leva consigo ligazóns a cada un dos temas (prémelle), ca intención de poder escoitalos mentras se chía.



Abrimos canle de contacto na revista, de xeito que agardamos a túa voz en forma de texto, na caixa de correo: **chiorevista@gmail.com**

Lembra que tes este número de **Chío** (e os anteriores) dispoñibles para descarga en www.lugosempre.com

Coordina e dirixe Chío: Melina López



[LugoSempre](https://www.facebook.com/LugoSempre)



[@lugosempre](https://www.instagram.com/lugosempre)